**ACTA NÚMERO: 17/2022**

**ACTA DA REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN DO DÍA 5 DE MAIO DE 2022.**

Na sala de xuntas do Pazo Provincial sendo as 10 horas e 30 minutos do día 5 de maio de 2022 reúnense os membros da Mesa de Contratación que a continuación se relacionan:

**Presidente:** Don Carlos López Font, Deputado do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE.

**Vogais da Mesa de Contratación:**

- D. Carlos Cuadrado Romay, Secretario da Deputación.
- D. Antonio Graña Gómez, Interventor da Deputación.
- D. Francisco Alonso Fernández, Xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais
- D. José Antonio Gulías Varela, Técnico de Xestión do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

**Secretario:** D. Pablo Montero Carrera, Xefe do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

**ORDE DO DÍA:**

1. *Aprobación da acta da reunión anterior do día 28 de abril de 2022 (Reunión 16/2022).*
2. *Proposta de adxudicación do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de xestión, desenvolvemento e execución do programa "En ruta coa Depo 2022". (Expte.- 2021054402).*
3. *Proposta de adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do servizo de asistencia técnica para a redacción do proxecto de conservación da envolvente do Castelo de Vilasobroso" (Expte.- 2021031396).*
4. *Aprobación das valoracións dos sobres "A" correspondentes aos criterios avaliables mediante xuízos de valor do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da mobilidade peonil na E.P. 6306 Agolada-Cruces, do P.Q. 16+450 ó P.Q. 16+750 (Concello de Vila de Cruces)". (Expte.- 2021064705).*
5. *Apertura electrónica dos sobres "B" correspondentes a documentación avaliable mediante criterios automáticos do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da mobilidade peonil na E.P. 6306 Agolada-Cruces, do P.Q. 16+450 ó P.Q. 16+750 (Concello de Vila de Cruces)". (Expte.- 2021064705).*
6. *Aprobación das valoracións dos sobres "A" correspondentes aos criterios avaliables mediante xuízos de valor dos lotes números 2 e 4 do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do servizo de formación no marco do proxecto TIC Emprendes cofinanciado polo FSE no marco do programa operativo xuvenil axudas EMP-POEJ que comprende 7 accións formativas incluídas en 4 itinerarios formativos. (Expte.- 2021037627).*
7. *Apertura electrónica dos sobres "B" correspondentes a documentación avaliable mediante criterios automáticos dos lotes números 2 e 4 do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do servizo de formación no marco do proxecto TIC Emprendes cofinanciado polo FSE no marco do programa operativo xuvenil axudas EMP-POEJ que comprende 7 accións formativas incluídas en 4 itinerarios formativos. (Expte.- 2021037627).*

Non asisten os vogais permanentes da Mesa de Contratación, D. Uxío Benítez Fernández, Deputado do Grupo Provincial do BNG, D. Manuel Alejandro Lorenzo Alonso, Deputado do Grupo Provincial do PP., e Don Gabriel Rodríguez Alonso, Xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal,



Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):JRBIQ66RDXJHOQ5E

Declarada aberta a reunión da Mesa de Contratación de orde da Presidencia, os asistentes manifestan que non teñen directa ou indirectamente un interese financeiro, económico ou persoal que comprometa a súa imparcialidade e independencia sobre os asuntos que figuran na orde do día.

1. ***Aprobación da acta da reunión anterior do día 28 de abril de 2022 (Reunión 16/2022).***

Os membros que forman parte da Mesa de Contratación que estiveron presentes na reunión votan a favor da aprobación da acta da reunión anterior do día, 28 de abril de 2022 (Reunión 16/2022).

2. ***Proposta de adxudicación do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de xestión, desenvolvemento e execución do programa "En ruta coa Depo 2022". (Expte.- 2021054402).***

O Secretario informa que por acordo adoptado pola Xunta de Goberno na sesión que tivo lugar o día 11 de marzo de 2022 aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, do Servizo de xestión, desenvolvemento e execución do programa "*En ruta coa Depo 2022"*

O anuncio de licitación deste contrato enviouse ao DOUE con data 14/03/2022 e publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 16/03/2022. Así mesmo, publicaronse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

A Mesa de Contratación na reunión do dia 21 de abril de 2022 procedeu a efectuar a apertura dos sobres A correspondentes a "documentación administrativa", sendo as empresas admitidas a licitación as seguintes:

- VIAJES EL CORTE INGLÉS. (A-28.229.813).
- VIAJES HALCÓN S.A.U (A-10.005.510).
- NAUTALIA VIAJES S.L.(B-86.049.137).

A Mesa de Contratación na reunión do dia 21 de abril de 2022 tamén procedeu á apertura electrónica dos sobres "B", correspondentes á documentación avaliable mediante criterios automáticos.

Os valores ofertados polas empresas admitidas foron os seguintes:



Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):JRBIQ66RDXJHOQ5E

**NAUTALIA VIAJES S.L. (B-86.049.137)**

**1.- Prezo unitario ofertado por praza:**

| | |
|---|---|
| Importe sen o IVE: | ………………………………. € |
| IVE (….. %): | ………………………………. € |
| Importe total ofertado: | 32,99 € |

**2.- Desconto ofertado por praza para nenos/as de 0 a 3 anos de idade:** Sinalar cun x a opción elexida**.**

| | |
|---|---|
| De 12,00 a 13,50€ | ☒ |
| De 8,00 a 11,99€ | ☐ |
| De 5,00 a 7,99€ | ☐ |
| De 2,00 a 4,99€ | ☐ |
| 0,00€ | ☐ |

**3.- Desconto ofertado por praza para nenos/as de 4 a 12 anos de idade:** Sinalar cun x a opción elexida.

| | |
|---|---|
| De 12,00 a 13,50€ | ☒ |
| De 8,00 a 11,99€ | ☐ |
| De 5,00 a 7,99€ | ☐ |
| De 2,00 a 4,99€ | ☐ |
| Menos de 2,00€ | ☐ |

**4.- Melloras propostas:** Sinalar cun X a opción elexida.

| | | |
|---|---|---|
| Merenda para os participantes | SI ☒ | Non ☐ |
| Botellín de auga a maiores nas comidas picnic | SI ☒ | Non ☐ |

**5.- Incremento do material de promoción e difusión do programa**. Sinalar cun x a opción elexida.



Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):JRBIQ66RDXJHOQ5E

| Trípticos informativos | |
|---|---|
| 22.500 trípticos | ☐ |
| 23.000 trípticos | ☒ |
| Anuncios en prensa de ámbito provincial | |
| 10 anuncios | ☐ |
| 15 anuncios | ☒ |
| Cuñas de radio de ámbito provincial | |
| 35 cuñas de radio | ☐ |
| 40 cuñas de radio | ☒ |

**6.- Antigüidade media dos autobuses (a 31 de decembro de 2021): Sinalar cun x a opción elexida.**

| | |
|---|---|
| Ata 5 anos de antigüidade | ☒ |
| De 6 a 8 anos de antigüidade | ☐ |

**7.- Inclusión de máis dun restaurante por ruta. Sinalar cun x a opción elexida.**

| | |
|---|---|
| Oferta 2 restaurantes | ☐ |
| Oferta 3 restaurantes | ☒ |

**VIAJES HALCÓN S.A.U. (A-10005510)**

**1.- Prezo unitario ofertado por praza:**

| | |
|---|---|
| Importe sen o IVE: | 18,80 € |
| IVE (21 %): | 3,95 € |
| Importe total ofertado: | 22,75 € |

**2.- Desconto ofertado por praza para nenos/as de 0 a 3 anos de idade:** Sinalar cun x a opción elexida**.**

| | |
|---|---|
| De 12,00 a 13,50€ | ☒ |



Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):JRBIQ66RDXJHOQ5E

| | |
|---|---|
| De 8,00 a 11,99€ | ☐ |
| De 5,00 a 7,99€ | ☐ |
| De 2,00 a 4,99€ | ☐ |
| 0,00€ | ☐ |

**3.- Desconto ofertado por praza para nenos/as de 4 a 12 anos de idade:** Sinalar cun x a opción elexida.

| | |
|---|---|
| De 12,00 a 13,50€ | ☒ |
| De 8,00 a 11,99€ | ☐ |
| De 5,00 a 7,99€ | ☐ |
| De 2,00 a 4,99€ | ☐ |
| Menos de 2,00€ | ☐ |

**4.- Melloras propostas:** Sinalar cun X a opción elexida.

| | | |
|---|---|---|
| Merenda para os participantes | SI ☒ | Non ☐ |
| Botellín de auga a maiores nas comidas picnic | SI ☒ | Non ☐ |

**5.- Incremento do material de promoción e difusión do programa**. Sinalar cun x a opción elexida.

| | |
|---|---|
| Trípticos informativos | |
| 22.500 trípticos | ☐ |
| 23.000 trípticos | ☒ |
| Anuncios en prensa de ámbito provincial | |
| 10 anuncios | ☐ |
| 15 anuncios | ☒ |
| Cuñas de radio de ámbito provincial | |
| 35 cuñas de radio | ☐ |



Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):JRBIQ66RDXJHOQ5E

| | |
|---|---|
| 40 cuñas de radio | ☒ |

**6.- Antigüidade media dos autobuses (a 31 de decembro de 2021): Sinalar cun x a opción elexida.**

| | |
|---|---|
| Ata 5 anos de antigüidade | ☒ |
| De 6 a 8 anos de antigüidade | ☐ |

**7.- Inclusión de máis dun restaurante por ruta. Sinalar cun x a opción elexida.**

| | |
|---|---|
| Oferta 2 restaurantes | ☐ |
| Oferta 3 restaurantes | ☒ |

**VIAJES EL CORTE INGLÉS S.A. (A-28.229.813)**

**1.- Prezo unitario ofertado por praza:**

| | |
|---|---|
| Importe sen o IVE: | 23,55 € |
| IVE (21 %): | 4,95 € |
| Importe total ofertado: | 28,50 € |

**2.- Desconto ofertado por praza para nenos/as de 0 a 3 anos de idade:** Sinalar cun x a opción elexida**.**

| | |
|---|---|
| De 12,00 a 13,50€ | ☒ |
| De 8,00 a 11,99€ | ☐ |
| De 5,00 a 7,99€ | ☐ |
| De 2,00 a 4,99€ | ☐ |
| 0,00€ | ☐ |

**3.- Desconto ofertado por praza para nenos/as de 4 a 12 anos de idade:** Sinalar cun x a opción elexida.

| | |
|---|---|
| De 12,00 a 13,50€ | ☒ |
| De 8,00 a 11,99€ | ☐ |



Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):JRBIQ66RDXJHOQ5E

| | |
|---|---|
| De 5,00 a 7,99€ | ☐ |
| De 2,00 a 4,99€ | ☐ |
| Menos de 2,00€ | ☐ |

**4.- Melloras propostas:** Sinalar cun X a opción elexida.

| | | |
|---|---|---|
| Merenda para os participantes | SI ☒ | Non ☐ |
| Botellín de auga a maiores nas comidas picnic | SI ☒ | Non ☐ |

**5.- Incremento do material de promoción e difusión do programa**. Sinalar cun x a opción elexida.

| | |
|---|---|
| Trípticos informativos | |
| 22.500 trípticos | ☐ |
| 23.000 trípticos | ☒ |
| Anuncios en prensa de ámbito provincial | |
| 10 anuncios | ☐ |
| 15 anuncios | ☒ |
| Cuñas de radio de ámbito provincial | |
| 35 cuñas de radio | ☐ |
| 40 cuñas de radio | ☒ |

**6.- Antigüidade media dos autobuses (a 31 de decembro de 2021): Sinalar cun x a opción elexida.**

| | |
|---|---|
| Ata 5 anos de antigüidade | ☒ |
| De 6 a 8 anos de antigüidade | ☐ |

**7.- Inclusión de máis dun restaurante por ruta. Sinalar cun x a opción elexida.**

| | |
|---|---|
| Oferta 2 restaurantes | ☐ |
| Oferta 3 restaurantes | ☒ |



Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):JRBIQ66RDXJHOQ5E

Tras o exame das ofertas presentadas polas empresas admitidas, obsérvase que, de conformidade co establecido no prego de condicións económico-administrativas que rexe o procedemento, a oferta presentada pola empresa Halcón Viajes S.A.U. presenta un valor anormal ou desproporcionado no referente ao prezo ofertado polo que se lle requeriu para que xustificara a súa oferta.

A empresa Viajes Halcón S.A.U presentou a xustificación da súa oferta no rexistro electrónico da Deputación de Pontevedra dando traslado da mesma aos técnicos do Servizo de Cohesión Social para que emitiran informe sobre a mesma.

A Xefa do Servizo de Cohesión Social, Dona Begoña Estévez Bernárdez, con data 27/04/2022 emitiu informe indicando que "*considerase xustificado no seu informe a baixada de prezo nos conceptos prezo menú, retribucións de persoal, praza de autobús, custes indirectos e beneficio industrial, non obstante, a descrición do prezo picnic (snack e bebida) non se corresponde co exisido no prego, tal e como se recolle no apartado terceiro deste informe. Tampouco desagregan o prezo da mochila e viseira para entregar a cada persona participante, recollido expresamente no PPT.*

*Polo tanto, deberán especificar o prezo menú picnic para as saídas as Illas Atlánticas, indicando si este está recollido nos 8 € que ofertan no prezo do menú, así como o custo do material especificado a entregar."*

A Mesa de contratación na reunión de data 28 de abril de 2022, toma coñecemento do informe presentado pola Xefa do Servizo de Cohesión Social, en relación a xustificación da baixa temeraria presentada por Viajes Halcón S.A.U., e requerir a empresa Viajes Halcón SAU para que amplíe datos relativos a xustificación presentada sobre o valor anormal ou desproporcionado detectado na súa oferta, en particular no que se refiría ao seguinte:

*"O prezo do menú-picnic para as saídas as Illas Atlánticas, así como en qué consistirá tendo en conta o prego de condicións, e as condicións favorables do prezo da mochila e viseira, así como, no seu caso, o compromiso do seu cumprimento"*

A empresa, Viajes Halcón S.A.U. efectuou as correspondentes aclaracións sobre á oferta presentada en data 29/04/2022 e en data 2/05/2022 a Xefa do Servizo de Cohesión Social informou favorablemente as aclaracións presentadas por Viajes Halcón SAU.

A Mesa de Contratación toma coñecemento do informe presentado pola Xefa do Servizo e Cohesión Social e procede de seguido a efectuar a ponderación dos valores ofertados no sobre B de conformidade cos criterios establecidos nos pregos de cláusulas económico-administrativas.

As puntuacións totais acadadas son as seguintes:

| | Puntuación criterios automáticos |
|---|---|



Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):JRBIQ66RDXJHOQ5E

| Empresas | Prezo unitario/ praza | Desconto praza nenos/as de 0 a 3 anos | Desconto praza nenos/as de 4 a 12 anos | Melloras proposta s | Incremento material promoción | Antigüedade dos autobuses | Inclusión de máis dun restaurant e por ruta | TOTAL |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| HALCON VIAJES | 40 | 19 | 19 | 10 | 3 | 3 | 6 | 100 |
| NAUTALIA | 32,99 | 19 | 19 | 10 | 3 | 3 | 6 | 92,66 |
| VIAJES EL CORTE INGLES | 28,50 | 19 | 19 | 10 | 3 | 3 | 6 | 88,5 |

A  Mesa de Contratación acorda:

1. Aprobar a clasificación acadada polas ofertas presentadas polas empresas que concorren no procedemento aberto, que queda da seguinte forma:

| Posición | Empresas | Puntuación total |
|---|---|---|
| 1ª | VIAJES HALCÓN SAU | 100,00 |
| 2ª | NAUTALIA | 92,66 |
| 3ª | VIAJES ELCORTE INGLÉS | 88,50 |

2. Propor ó órgano de contratación, neste caso a Xunta de Goberno, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do procedemento aberto, convocado para contratación do Servizo de xestión, desenvolvemento e execución  do programa *"En ruta coa Depo 2022"*  á empresa Viajes Halcón SAU

3. ***Proposta de adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do servizo de asistencia técnica para a redacción do proxecto de conservación da envolvente do Castelo de Vilasobroso" (Expte.- 2021031396).***

O Secretario informa que a efectos da acreditación da experiencia do equipo de traballo superior a mínima o prego de cláusulas económico-administrativas establecía o seguinte:

*"Para que se valore o criterio, deberase achegar unha declaración xurada onde se relacionen os servizos ou traballos realizados de igual ou semellante natureza que os apartados a) e b), como máximo, os dez últimos anos, na que se indique o importe, a data e o destinatario, público ou privado.*



Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):JRBIQ66RDXJHOQ5E

*Os traballos a acreditar serán tanto os ofertados a maiores como os esixidos como mínimo."*

A empresa Promove Xestión Técnica SLP aportou a referida declaración xurada, e a Mesa de Contratación acorda non efectuar a proposta de adxudicación a dita empresa ata que os técnicos do Servizo de Arquitectura informen se os traballos incluídos na citada declaración xurada cumpren os requisitos especificados nos pregos para a súa valoración.

4. ***Aprobación das valoracións dos sobres "A" correspondentes aos criterios avaliables mediante xuízos de valor do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da mobilidade peonil na E.P. 6306 Agolada-Cruces, do P.Q. 16+450 ó P.Q. 16+750 (Concello de Vila de Cruces)". (Expte.- 2021064705).***

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por Resolución do Deputado Delegado da área de Réxime Interior, Economía, Facenda e Oral, número 202200141 de data 21 de marzo de 2022 aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, da execución da obra *"Mellora da mobilidade peonil na E.P. 6306 Agolada-Cruces, do P.Q. 16+450 ó P.Q. 16+750 (Concello de Vila de Cruces)".*

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 23 de marzo de 2022. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

A presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal e as empresas admitidas foron as seguintes:

- ELSAMEX GESTION DE INFRAESTRUCTURAS S.L.U.
- MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, SOCIEDAD LIMITADA
- NAROM SL
- CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS SL
- HORDESCON, S.L.
- ARINES OBRAS Y PROYECTOS, SL

O Xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais, D. Francisco Alonso Fernández, con data 27 de abril de 2022, emitiu o correspondente informe



Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):JRBIQ66RDXJHOQ5E

relativo a valoración da documentación técnica presentada polos licitadores, figurando as empresas admitidas co seguinte resultado:

| EMPRESA | MEMORIA E PROGRAMA DE TRABALLO | PLAN DE ACTUACIÓNS MEDIOAMBIENTAIS | TOTAL SOBRE A |
|---|---|---|---|
| ARINES OBRAS Y PROYECTOS S.L. | 20,00 | 3,00 | 23,00 |
| CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS S.L. | 20,00 | 2,00 | 22,00 |
| MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA S.L. | 20,00 | 2,00 | 22,00 |
| NAROM S.L. | 16,00 | 3,00 | 19,00 |
| ELSAMEX, GESTION DE INFRAESTRUCTURAS S.L.U. | 16,00 | 2,00 | 18,00 |
| HORDESCON S.L. | 16,00 | 2,00 | 18,00 |

A Mesa de Contratación en base ó informe do Xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías e Obras, D. Francisco Alonso Fernández, de data 27 de abril de 2022, acorda prestar conformidade as puntuacións acadadas polas empresas admitidas no procedemento aberto simplificado convocado para contratación da obra *“Mellora da mobilidade peonil na E.P. 6306 Agolada-Cruces, do P.Q. 16+450 ó P.Q. 16+750 (Concello de Vila de Cruces)".*

5. ***Apertura electrónica dos sobres “B” correspondentes a documentación avaliable mediante criterios automáticos do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da mobilidade peonil na E.P. 6306 Agolada-Cruces, do P.Q. 16+450 ó P.Q. 16+750 (Concello de Vila de Cruces)". (Expte.- 2021064705).***

O Secretario informa ós asistentes da puntuación acadada polas empresas presentadas e admitidas ó procedemento aberto simplificado convocado para contratación da obra *"Mellora da mobilidade peonil na E.P. 6306 Agolada-Cruces, do P.Q. 16+450 ó P.Q. 16+750 (Concello de Vila de Cruces)"*.

| EMPRESA | PUNTUACIÓN SOBRE A |
|---|---|
| ARINES OBRAS Y PROYECTOS S.L. | 23,00 |
| CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS S.L. | 22,00 |
| MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA S.L. | 22,00 |
| NAROM S.L. | 19,00 |



Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):JRBIQ66RDXJHOQ5E

| | |
|---|---|
| ELSAMEX, GESTION DE INFRAESTRUCTURAS S.L.U. | 18,00 |
| HORDESCON S.L. | 18,00 |

O Secretario comenta que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal que xenera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procede á desencriptación e dercarga da documentación presentada nos sobres "B" correspondentes os criterios de valoración automática presentados polas empresas que participan no procedemento aberto simplificado convocado para contratación da devandita obra e que acadaron unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable (12,5 puntos) en función dos criterios non avaliables mediante fórmulas.

O valores ofertados foron os seguintes:

| LICITADORES | OFERTA ECONÓMICA | CONTROL CALIDADE | PRAZO DE GARANTIA | UNE-EN ISO 9001 | UNE-EN ISO 14001 |
|---|---|---|---|---|---|
| ARINES PROYECTOS Y OBRAS, S.L. | 148.635,20 € | 3% | 36 MESES | SI | SI |
| MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L. | 140.556,53 € | 3% | 36 MESES | SI | SI |
| ELSAMEX GESTIÓN DE INFRAESTRUCTURAS, S.L. | 138.500,00 € | 3% | 36 MESES | SI | SI |
| NAROM, S.L. | 139.398,15 € | 3% | 36 MESES | SI | SI |
| CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U. | 136.825,61 € | 3% | 36 MESES | SI | SI |
| HORDESCON, S.L. | 145.069,75 € | 2% | 24 MESES | SI | SI |

A continuación procedese á valoración das ofertas económicas detectando que a oferta presentada pola empresa, CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U., de conformidade co establecido no prego de cláusulas económico-administrativas que rexe este procedemento, conteñen valores anormais ou desproporcionados no referente ó prezo ofertado.

A Mesa de Contratación acorda facultar ó Secretario para que proceda a requirir a citada empresa para que no prazo improrrogable de cinco días hábiles, xustifiquen a oferta e precise as condicións da mesma, en particular no que se refire ó aforro

económico, solucións técnicas adoptadas e condicións excepcionalmente favorables de que dispoña para executar este contrato.

6. ***Aprobación das valoracións dos sobres "A" correspondentes aos criterios avaliables mediante xuízos de valor dos lotes números 2 e 4 do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do servizo de formación no marco do proxecto TIC Emprendes cofinanciado polo FSE no marco do programa operativo xuvenil axudas EMP-POEJ que comprende 7 accións formativas incluídas en 4 itinerarios formativos. (Expte.- 2021037627).***

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo da Xunta de Goberno adoptado na sesión do 29 de outubro de 2021, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, do servizo de formación no marco do proxecto Tic Emprendes (Expte 349-299226) cofinanciado polo FSE no marco do programa operativo xuvenil de axudas EMP-POEJ que comprende 7 accións formativas incluidas en 4 itinerarios formativos.

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 29/10/2021. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas.

A presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal e as empresas admitidas foron as seguintes:

- Sararte SL (Lotes 1,2,3 e 4)
- G12 Grupo Empresarial de Servicios SL .-CIF B-36.993.509 (Lote 1)
- Península Corporate Innovation SL.- CIF B-66.585.613 (Lotes 1, 2 e 3)
- Hedima DN Formación SLU .-CIF B-82.651.514 (Lotes 1, 2, 3 e 4)

As 7 acción formativas incluídas nos catro lotes eran as seguintes:



Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):JRBIQ66RDXJHOQ5E

| Número | Denominación itinerario formativo | Nº edicións |
|---|---|---|
| Lote 1 | Competencias dixitais en ofimática | 2 |
| Lote 2 | Marketing dixital: estratexias SEO, SEM, Redes sociais e análise de tráfico Web | 1 |
| Lote 3 | Community Manager | 2 |
| Lote 4 | Operario de xestión loxística e dixital de almacén (con módulo de carretilleiro) | 2 |

O Secretario comenta que a Xunta de Goberno desta Deputación Provincial na sesión ordinaria do día 29 de abril de 2022, adoptou, entre outros, o acordo número 13.31657 relativo a non adxudicación dos lotes nº1 "Competencias dixitais en informática" e nº 3 "Community manager".

Os criterios empregados para valorar a documentación técnica que figuraban nas ofertas do sobre A, eran os seguintes:

| CRITERIOS NON AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULAS | MÁX. 25 PUNTOS. |
|---|---|
| **1. Características da solución proposta.** | **Máx. 17 puntos.** |
| *1.1. Estratexia de captación de persoas beneficiarias.* <br> *Valorarase neste apartado a metodoloxía a empregar na captación de potenciais persoas beneficiarias; o protocolo de apoio e acompañamento para as posibles persoas beneficiarias no proceso de formalización da inscrición nas accións formativas así como as medidas propostas para garantir que as persoas admitidas en cada unha das accións formativas rematen con éxito o proceso de formación iniciado.* | Máx. 6 puntos. |
| *1.2. Plan formativo.* <br> *Valoraranse neste apartado os contidos, programación, metodoloxía e material didáctico a empregar durante a importación das distintas accións unidades formativas.* | Máx. 6 puntos. |
| *1.3. Material de practicas e material de oficina.* <br> • *Entrega de material de practicas especifico para a realización dun enfoque practico na formación impartida en acción formativa, a maiores do mínimo esixido no prego de prescricións técnicas. Ata un máximo de 2 puntos. Valoraranse as melloras en numero, calidade e seguridade respecto ao esixido no prego de prescricións técnicas* <br> • *Entrega de material de oficina a maiores do mínimo esixido no prego de prescricións técnicas. Ata un máximo de 2 puntos.* <br> *Valoraranse as melloras en canto a numero e calidade respecto do mínimo esixido no prego de prescricións técnicas.* <br> *Emprego de materiais reciclados. Ata un máximo de 1 puntos.* <br> • *Valorarase que se empreguen materiais reciclados no material de practicas e de oficina.* | Máx. 5 puntos. |
| **2. Xestión e desenvolvemento do proxecto.** | **Máx. 8 puntos.** |
| a) *Valorarase o feito de que as empresas licitantes propoñan empregar novas tecnoloxías como por exemplo a pizarra electrónica, dispositivos móbiles, plataformas dixitais e/ou chats para a resolución de dubidas .... na medida en que supoñan un valor engadido para o aprendizaxe ou para a interacción* <br> b) *entre as persoas docentes e o alumnado.* <br> *Valorarase tamén a utilización de metodoloxías de ensino e aprendizaxe innovadoras como por exemplo a gamificacion, a utilización de xogos, flipped classroom, roll player, simulacros, método de aprendiza-servizo, etc na medida en que aporten un valor engadido para o aprendizaxe ou para a interacción entre as persoas docentes e o alumnado.* | Máx. 8 puntos. |

A Xefa do Servzo de Cooperación Municipal, Dona Marina Piñeiro Novo, con data 2 de maio de 2022, emitiu o correspondente informe relativo a valoración da documentación técnica presentada polos licitadores, figurando as empresas admitidas nos lotes números 2 e 4 co seguinte resultado:

| LOTE 2 | Marketing dixital: estratexias SEO, SEM, Redes sociais e análise de tráfico web | | HEDIMA DN FORMACIÓN S.L.U | PENINSULA CORPORATE INNOVATION S.L. | SARARTE, S.L. (Formaciona) |
|---|---|---|---|---|---|
| 1. CARACTERÍSTICAS DA SOLUCIÓN PROPOSTA | | Máx.17 puntos | 9 | 4,5 | 15 |
| | 1.1. Estratexia de captación de persoas | Máx. 6 puntos | 4 | 1,5 | 5,5 |
| | 1.2. Plan formativo | Máx. 6 puntos | 2 | 3 | 5,5 |
| | 1.3. Material de prácticas e material de oficina | Máx. 5 puntos | 3 | 0 | 4 |
| 2. XESTIÓN E DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO | | Máx. 8 puntos | 4 | 5 | 6 |
| Total sobre "A" Lote 2. | | Total Puntos 25 | 13 | 9,5 | 21 |

| LOTE 4 | Operario de xestión loxística e dixital de almacén (con módulo de carretilleiro) | | HEDIMA DN FORMACIÓN S.L.U | SARARTE, S.L. (Formaciona) |
|---|---|---|---|---|
| 1. CARACTERÍSTICAS DA SOLUCIÓN PROPOSTA | | Máx. 17 puntos | 11 | 15 |
| | 1.1. Estratexia de captación de persoas | Máx. 6 puntos | 4 | 5,5 |
| | 1.2. Plan formativo | Máx. 6 puntos | 2 | 5,5 |
| | 1.3. Material de prácticas e material de oficina | Máx. 5 puntos | 5 | 4 |
| 2. XESTIÓN E DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO | | Máx. 8 puntos | 4 | 6 |
| Total sobre "A" Lote 4. | | Total Puntos 25 | 15 | 21 |

A Mesa de Contratación en base ó informe da Xefa do Servizo de Cooperación Municipal, Dona Marina Piñeiro Novo, de data 2 de maio de 2022, acorda:

1. Prestar conformidade as puntuacións acadadas polas empresas admitidas nos lotes números 2 e 4 do procedemento aberto simplificado convocado para contratación do servizo de formación no marco do proxecto Tic Emprendes (Expte 349-299226) cofinanciado polo FSE no marco do programa operativo xuvenil de axudas EMP-POEJ.
2. Que non se proceda á apertura do sobre "B", correspondente a documentación avaliable mediante criterios automáticos presentada pola empresa Península



Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):JRBIQ66RDXJHOQ5E

Corporate Innovatión, S.L., para optar á adxudicación do lote número 2 deste procemento aberto simplificado, con motivo de non alcalzar un mínimo do 50% da puntuación máxima (12,5 puntos) en función dos criterios non avaliables mediante fórmulas, de conformidade co establecido la cláusula 9.1 do prego de cláusulas económico-administrativas particulares.

7. ***Apertura electrónica dos sobres "B" correspondentes a documentación avaliable mediante criterios automáticos dos lotes números 2 e 4 do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do servizo de formación no marco do proxecto TIC Emprendes cofinanciado polo FSE no marco do programa operativo xuvenil axudas EMP-POEJ que comprende 7 accións formativas incluídas en 4 itinerarios formativos. (Expte.- 2021037627).***

O Secretario informa ós asistentes que a Xunta de Goberno desta Deputación Provincial na sesión ordinaria do día 29 de abril de 2022, acordou non adxudicar os lotes nº1 "Competencias dixitais en informática" e nº 3 "Community manager", motivo polo que a puntuación acadada polas empresas presentadas e admitidas nos lotes números 2 e 4 do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do servizo de formación no marco do proxecto TIC Emprendes cofinanciado polo FSE no marco do programa operativo xuvenil axudas EMP-POEJ, comprenden as tres accións formativas incluídas neses itinerarios formativos.

O lote número 2, corresponde á acción formativa: *Marketing dixital estratexias SEO, SEM, Redes sociais e análise de tráfico web*, e as puntuacións acadas polas empresas foron as seguintes:

| LOTE NÚMERO 2. EMPRESAS | PUNTUACIÓN SOBRE A |
|---|---|
| HEDIMA DN FORMACIÓN S.L.U | 13,00 puntos |
| PENINSULA CORPORATE INNOVATION S.L. | 9,50 puntos |
| SARARTE, S.L. | 21,00 puntos |

O lote número 4, corresponde á acción formativa: *Operario de xestión loxística e dixital de almacén (con módulo de carretilleiro),* e as puntuacións acadas polas empresas foron as seguintes:

| LOTE NÚMERO 2. EMPRESAS | PUNTUACIÓN SOBRE A |
|---|---|
| HEDIMA DN FORMACIÓN S.L.U | 13,00 puntos |
| SARARTE, S.L. | 21,00 puntos |

O Secretario comenta que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal que xenera en cada procedemento de licitación un



Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):JRBIQ66RDXJHOQ5E

certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procede á desencriptación e dercarga da documentación presentada nos sobres "B" correspondentes os criterios de valoración automática presentados polas empresas que participan nos lotes números 2 e 4 do procedemento aberto simplificado convocado para contratación do devandito servizo e que acadaron unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable (12,5 puntos) en función dos criterios non avaliables mediante fórmulas.

O valores ofertados foron os seguintes:

Empresa: HEDIMA DN FORMACIÓN S.L.U (C.I.F.- B-82651514).

1.- Importe unitario ofertado por acción formativa (125 hs). (exento de IVE):

| | |
|---|---|
| LOTE 2 | 9.600 € |
| LOTE 4 | 10.500 € |

2.- Número de horas de titorización e orientación ofertadas para favorecer a inserción profesional por conta allea ou por conta propia que cumplan los requisitos mínimos definidos en el apartado "4.1.3 Titorías e orientación para a inserción profesional" do PPT.

- Número de horas de titorías e orientación para favorecer a inserción profesional por conta allea en cada unha das accións formativas.

| Nº DE HORAS OFERTADAS | |
|---|---|
| 15 horas | |
| 20 horas | |
| 30 horas | X |

- Número de horas de titorías e orientación para favorecer a inserción profesional con proxectos de emprendemento en cada unha das accións formativas.

| Nº DE HORAS OFERTADAS | |
|---|---|
| 15 horas | |
| 20 horas | |
| 30 horas | X |

3. Certificación que acredite a calidade no control e xestión do desenvolvemento de actividades formativas.



Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):JRBIQ66RDXJHOQ5E

| Certificación en calidade | SÍ | NON |
|---|---|---|
| A empresa acredita a posesión vixente certificación que acredite a calidade no control e xestión do desenvolvemento das actividades formativas., Certificación ISO 9001 ou equivalente | X | |

Empresa: SARARTE, S.L. (C.I.F.- B-70223599).

1.- Importe unitario ofertado por acción formativa (125 hs). (exento de IVE):

| | |
|---|---|
| LOTE 2 | 8.652,00 € |
| LOTE 4 | 7.976,06 € |

2.- Número de horas de titorización e orientación ofertadas para favorecer a inserción profesional por conta allea ou por conta propia que cumplan los requisitos mínimos definidos en el apartado "4.1.3 Titorías e orientación para a inserción profesional" do PPT.

- Número de horas de titorías e orientación para favorecer a inserción profesional por conta allea en cada unha das accións formativas.

| Nº DE HORAS OFERTADAS | |
|---|---|
| 15 horas | |
| 20 horas | |
| 30 horas | X |

- Número de horas de titorías e orientación para favorecer a inserción profesional con proxectos de emprendemento en cada unha das accións formativas.

| Nº DE HORAS OFERTADAS | |
|---|---|
| 15 horas | |
| 20 horas | |
| 30 horas | X |

3. Certificación que acredite a calidade no control e xestión do desenvolvemento de actividades formativas.

| Certificación en calidade | SÍ | NON |
|---|---|---|



Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):JRBIQ66RDXJHOQ5E

| | | |
|---|---|---|
| A empresa acredita a posesión vixente certificación que acredite a calidade no control e xestión do desenvolvemento das actividades formativas., Certificación ISO 9001 ou equivalente | X | |

A continuación procedeuse á valoración dos criterios avaliables automáticamente de conformidade co establecido no prego de cláusulas económico-administrativas sendo as puntuacións obtidas as seguintes:

| Lote 2.- Puntuación criterios automáticos | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Empresas | 1.- Prezo unitario ofertado | 2.-Nº horas titorización ofertadas | 3.-Certificacion calidade (ISO 9001 ou equivalente) | Total criterios automáticos |
| Hedima DN Formación SLU | 35,946 | 20,00 | 10,00 | 65,946 |
| Sararte SL | 45,00 | 20,00 | 10,00 | 75,00 |

| Lote 4.- Puntuación criterios automáticos | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Empresas | 1.- Prezo unitario ofertado | 2.-Nº horas titorización ofertadas | 3.-Certificacion calidade (ISO 9001 ou equivalente) | Total criterios automáticos |
| Hedima DN Formación SLU | 24,673 | 20,00 | 10,00 | 54,673 |
| Sararte SL | 45,00 | 20,00 | 10,00 | 75,00 |

Sendo, as puntuacións totais obtidas as seguintes:

| Lote 2.- Resume puntuacións totais | | | |
|---|---|---|---|
| Empresas | Puntuación sobre A (xuizos de valor) | Puntuación sobre B (Criterios automáticos) | Puntuación total |
| Hedima DN Formación SLU | 13,00 | 65,946 | 78,946 |
| Sararte SL | 21,00 | 75,00 | 96,00 |

| Lote 4.- Resume puntuacións totais | | | |
|---|---|---|---|
| Empresas | Puntuación sobre A (xuizos de valor) | Puntuación sobre B (Criterios automáticos) | Puntuación total |
| Hedima DN Formación SLU | 13,00 | 54,673 | 67,673 |
| Sararte SL | 21,00 | 75,00 | 96,00 |

En base as citadas puntuacións a Mesa de Contratación acorda:



Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):JRBIQ66RDXJHOQ5E

1.- Propor ao órgano de contratación a exclusión da oferta presentada pola empresa PENINSULA CORPORATE INNOVATION S.L. ao lote nº2 ao non acadar unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable (12,5 puntos) en función dos criterios non avaliables mediante fórmulas

2.- Aprobar a clasificación das ofertas presentadas polas empresas o procedemento aberto simplificado convocado para contratación do servizo de formación no marco do proxecto TIC Emprendes cofinanciado polo FSE no marco do programa operativo xuvenil axudas EMP-POEJ, correspondente aos lotes nº 2 e nº 4 que queda da seguinte forma:

Lote 2.- Marketing dixital estratexias SEO, SEM, Redes sociais e análise de tráfico web

| Posición | Empresas | Puntuación total |
|---|---|---|
| 1ª | Sararte SL | 96,00 |
| 2ª | Hedima DN Formación SLU | 78,946 |

Lote 4.- Operario de xestión loxística e dixital de almacén (con módulo de carretilleiro).

| Posición | Empresas | Puntuación total |
|---|---|---|
| 1ª | Sararte SL | 96,00 |
| 2ª | Hedima DN Formación SLU | 67,673 |

3.- Propor ao órgano de contratación a adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do servizo de formación no marco do proxecto TIC Emprendes cofinanciado polo FSE no marco do programa operativo xuvenil axudas EMP-POEJ, correspondente aos lotes 2 e 4 a empresa Sararte SL (CIF B-70.223.599) polos prezos e valores ofertados para cada un dos lotes.

A Mesa de Contratación comproba que a empresa Sararte SL proposta como adxudicataria, figura inscrita no Rexistro Oficial de licitadores e empresas clasificadas do Sector Público (Rolece), acreditando que esta empresa está debidamente constituída, e que non está incursa en ningunha prohibición de contratar.

4. Facultar ó Secretario da Mesa de Contratación para que requira á empresa, Sararte SL (CIF B-70.223.599), mediante comunicación electrónica para que no prazo de 7 días hábiles contando desde o seu envío, aporte a documentación establecida nos



Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):JRBIQ66RDXJHOQ5E

pregos entre a que se atopa a contitución dunha garantía definitiva polo seguinte importe para cada un dos lotes:

Lote 2: 432,60 €

Lote 4: 797,60 €

Non producíndose ningunha incidencia digna de apuntar, dáse por terminado o acto as dez horas e corenta e tres minutos, e esténdese a presente Acta, que asinan comigo, o Secretario, o Presidente da Mesa de Contratación.

Firmado por: CARLOS LOPEZ FONT - ***7557**
Cargo: Deputado delegado
Data: 26/05/2022 18:44

Firmado por: PABLO MONTERO CARRERA - ***2658**
Cargo: Xefe do servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio
Data: 26/05/2022 11:13

CONTRATACIÓN E PATRIMONIO • Pazo provincial • Avda. Montero Ríos, s/n, 36071 Pontevedra • Teléfono: +34 986 804 100 • contratacion@depo.es • www.depo.es

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):JRBIQ66RDXJHOQ5E